



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

## ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FISTERRA CELEBRADA O 26/11/2020

### **ASISTENTES:**

#### **Presidente:**

José Marcote Suárez.

#### **Concelleiros/as:**

##### **Partido Popular**

José Manuel Traba Fernández.

Santiago Insúa Esmorís-Recamán.

Daniel Juan Benlloch Rivas.

Jenifer Suárez Silva.

Leonor Castrege Fernández.

##### **Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español.**

Soledad Vilela Romero.

María Rocío Mariño López.

Alexandre Domínguez Lado.

##### **Bloque Nacionalista Galego.**

Xan Carlos Sar Oliveira.

Teresa Fernández Martínez.

##### **Secretaría-Interventora**

Marta Cajide Barbeito.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Fisterra, sendo as dezanove horas e cinco minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil vinte, xúntanse en sesión extraordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don José Marcote Suárez.

Foron asistidos pola Secretaría-Interventora, Marta Cajide Barbeito.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### **UNICO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DOCUMENTO: PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES).**

Por parte do Concello de Fisterra solicitouse unha axuda ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sostible cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2020 (código de procedemento MT210A) (D.O.G. No 93, 14 de maio de 2020).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Vista a resolución ditada pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, por delegación da súa Conselleira e asinada o 28.08.2020, pola que se lle concede ao Concello de Fisterra, unha axuda para a asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), elaboración segundo as particularidades establecidas na memoria de solicitude e coas seguintes características, a executar no ámbito xeográfico do propio concello ou da agrupación de concellos beneficiarios da axuda:

Gastos subvencionables considerados para o cálculo da axuda :4.000,00 €

Importe máximo de axuda concedido 4.000,00 €

Período subvencionable do 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de novembro de 2020

Calendario de execución da operación (Data de inicio e data de fin) 2 de xuño de 2020 ao 30 de novembro de 2020

Á vista da subvención concedida e debido a falta de medios persoais para a redacción deste Plan polo persoal deste Concello, contratouse coa Consultora Eficiencia Enerxética de Galicia, Energal, S.L. a elaboración do documento nomeado PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) do Concello de Fisterra.

O PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTÁBEL (PACES) do Concello de Fisterra ten por obxecto dar cumprimento aos compromisos adquiridos como concello asinante do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

O Pacto das Alcaldías, naceu en 2008 impulsado pola Comisión Europea, e reúne a aquelas autoridades locais e rexionais que, de xeito voluntario, se corresponsabilizan para alcanzar no seu territorio os obxectivos en materia de clima e enerxía da Unión Europea. En 2016, o Pacto das Alcaldías únese a outra iniciativa a nivel local, a Coalición de Alcaldes, dando lugar ao maior movemento de gobernos locais comprometidos a superar os propios obxectivos nacionais en materia de clima e enerxía. Hoxe en día agrupa a máis de 7.000 autoridades locais de 57 países.

As administración asinantes comprométese a actuar para apoiar a aplicación do obxectivo europeo de reducir os gases de efecto invernadoiro nun 40% ata o 2030 e adoptar un enfoque común para promover a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Para a consecución destes obxectivos, os concellos comprométese a presentar un PLAN DE ACCIÓN PARA A ENERXÍA SUSTENTÁBEL E O CLIMA (PACES) nun prazo de dous anos a partir da sinatura do Pacto. Este Plan debe incluír un Inventario de Emisións de Referencia (IER), unha Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades derivados do cambio climático (ARV), así como as accións correspondentes de mitigación e adaptación ao cambio climático.

O Plan de Acción para a Enerxía Siustentábel e o Clima (PACES), asinado o 23.11.2020 pola Enxeñeira Ambiental Catuxa Díaz Quintela, consta dos seguintes apartados:

A- RESUMO EXECUTIVO.

B- ESTRATEXIA.

B.0 ENCADRAMENTO XERAL. OBXECTIVOS E ALCANCE DO DOCUMENTO.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

B.1 VISIÓN A LONGO PRAZO.

B.2 COMPROMISOS DE MITIGACIÓN E ADAPTACIÓN.

B.3 COORDINACIÓN E RECURSOS ASIGNADOS.

B.4 PARTICIPACIÓN.

B.5 PARTICIPACIÓN DOS SECTORES INTERESADOS.

B.6 ORZAMENTO XERAL E FINANCIAMENTO.

B.7 PROCESO DE SEGUIMIENTO.

C- CARACTERIZACIÓN DO CONCELLO.

C.1 XEOGRAFÍA E MEDIO AMBIENTE.

C.2 ASENTAMENTO DA POBOACIÓN. COBERTURAS E ORDENACIÓN DO SOLO.

C.3 DEMOGRAFÍA. ESTRUCTURA E EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN.

C.4 SOCIO-ECONOMÍA. ACTIVIDADES PRODUTIVAS E MERCADO DE TRABALLO.

C.5 MEDIO BIÓTICO E ESPAZOS PROTEXIDOS.

D- INVENTARIO DE EMISIÓN DE REFERENCIA (IER) / BASELINE EMISSIONS INVENTORY (BEI) /

D.1 ANO DE REFERENCIA.

D.2 HABITANTES NO ANO CONSIDERADO.

D.3 UNIDADES E FACTORES DE EMISIÓN.

D.4 METODOLOXÍA. ÁMBITOS E SECTORES CONSIDERADOS.

D.5 CONSUMOS ENERXÉTICOS POR SECTORES.

D.6 CÁLCULO DAS EMISIÓN DE CO<sub>2</sub>.

D.7 PRODUCCIÓN LOCAL DE ENERXÍA.

D.8 ANÁLISE DOS RESULTADOS.

E- PLAN DE ACCIÓN DE MITIGACIÓN.

E.1 DIAGNOSE E PLANTEXAMENTO XERAL.

E.2 FICHAS DE MEDIDAS POR SECTORES.

F- AVALIACIÓN DE RISCOS E VULNERABILIDADES DO CAMBIO CLIMÁTICO (ARV) / CLIMATE CHANGE RISK AND VULNERABILIT ASSESSMENT (RVA) /

F.1 PERFIL CLIMÁTICO. TENDENCIAS PRESENTES E FUTURAS (VARIÁBEIS CLIMÁTICAS).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

F.2 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DOS RISCOS CLIMÁTICOS CALOR EXTREMO FRÍO EXTREMO PRECIPITACIÓNS EXTREMAS INUNDACIÓNS SECA INCENDIOS FORESTAIS.

F.3 ANÁLISE DA VULNERABILIDADE.

F.4.OBXECTIVOS DE ADAPTACIÓN.

G- PLAN DE ACCIÓN DE ADAPTACIÓN.

G.1 DIAGNOSE E PLANTEXAMENTO XERAL.

G.2 FICHAS DE MEDIDAS POR RISCOS E SECTORES.

Atendendo aos antecedentes que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar o documento PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) do Concello de Fisterra.elaborado pola empresa Eficiencia Enerxética de Galicia, Energal, S.L. e asinado pola enxeñeira ambiental Catuxa Quintela Díaz.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

TERCEIRO.- Publicar o documento PLAN DE ACCIÓN PARA A ENERXÍA SUSTENTÁBEL E O CLIMA (PACES) na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Fisterra dos seguintes ACORDOS:

INTERVENCIÓNS:

Por parte do Alcalde-Presidente explícase o contido do Plan de Acción e comenta que era necesario facer este Pleno porque finaliza o prazo de xustificación da subvención.

O Concelleiro do PP Santiago Insúa Esmorís-Recamán indícase que case sae máis caro a celebración do Pleno que o que se cobrará de subvención.

Acto seguido sométese a votación a proposta, quedando ADOPTADO por UNANIMIDADE dos Concelleiros/as (ONCE) o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO: Aprobar o documento PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) do Concello de Fisterra.elaborado pola empresa Eficiencia Enerxética de Galicia, Energal, S.L. e asinado pola enxeñeira ambiental Catuxa Quintela Díaz.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

TERCEIRO.- Publicar o documento PLAN DE ACCIÓN PARA A ENERXÍA SUSTENTÁBEL E O CLIMA (PACES) na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Fisterra.

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as dezanove horas e quince minutos, do expresado día.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C